

TRABALLO XEOGRAFÍA HISTORIA 4º ESO

Actividades tema 7

Antes de nada, as respostas sempre son de orientación, respectando a teoría dada. A redacción pode ser diferente, sobre todo porque moitos utilizades información buscada en Internet. O importante son as liñas xerais.

1º-Define

Potencias do Eixe. Bando belixerante derrotado na Segunda Guerra Mundial polas potencias aliadas. Estaba formado por Alemaña, Italia e Xapón (o Eixe Berlín-Roma-Tokio), e os seus aliados Hungría, Eslovaquia, Romanía, Bulgaria e Finlandia. O pulo inicial do Eixe entre 1939 e 1941, sería freado polas grandes ofensivas aliadas entre 1942 e 1945 que puxeron fin ao conflito.

Guerra lóstrego ou blitzkrieg. Nova táctica ofensiva utilizada por Hitler na invasión de Polonia, baseada no uso combinado de divisións acoirazadas, os panzer, e a artillería na liña de fronte, mentres a aviación bombardeaba a retagarda para impedir que chegasen os reforzos. Esta táctica de guerra permitiu levar a cabo un ataque sorpresa e avanzar con rapidez.

Pacto Antikomintern. Acordo asinado o 25 de novembro de 1936 entre Xapón e a Alemaña nazi, onde ambas as nacións comprometíanse a tomar medidas para salvagardarse da ameaza da Internacional Comunista ou Komintern, liderada pola Unión Soviética. A el uniuse un ano máis tarde a Italia. A firma do Pacto de non agresión xermano-soviético supuxo de feito a anulación deste pacto, aínda que isto foi por pouco tempo: en 1941 a Alemaña hilteriana lanzou o seu ataque contra a URSS. Este pacto foi o primeiro paso para a configuración do bando do Eixe durante a Segunda Guerra Mundial.

Conferencia de Múnic. Celebrouse o 29 de setembro de 1938 en Múnic. Os gobernos europeos reuníronse para frear a política de expansión territorial alemá, despois da invasión de Austria e a ocupación da rexión checoslovaca dos Sudetes. Na Conferencia de Múnic, Francia, Gran Bretaña e Italia aceptan as esixencias de Hitler a condición de que Alemaña deixase de ocupar novos territorios, practicando unha política de contención para evitar unha nova guerra; pero en marzo de 1939, os alemáns ocuparon toda Checoslovaquia.

Conferencia de Ialta. Celebrada en Crimea, en febreiro de 1945, reuniu ao principais líderes aliados Churchill, Stalin e Roosevelt e marcou o momento de maior colaboración e o establecemento de acordos importantes sobre diversos temas:

- Os plans para un goberno mundial. Para evitar o perigo de novas guerras deseñouse a convocatoria da Conferencia de San Francisco, que conduciría á creación da Organización das Nacións Unidas (ONU)
- A declaración sobre a Europa Liberada. O establecemento de gobernos democráticos por vía de eleccións libres nos países liberados. Na Europa do Leste isto non se levou a cabo
- Sobre o futuro de Alemaña. Decidiuse a desnazificación e a división Alemaña en catro zonas de influencia. Creouse unha comisión para avaliar as

indemnizacións que Alemaña debería pagar..

- As fronteiras de Polonia. Se confirmou a anexión dos países bálticos e do leste de Polonia á URSS.

2º- Explica estes acontecementos

Batalla de Inglaterra (xuño de 1940-xuño 1941). Tras a ocupación francesa, Hitler decide invadir O Reino Unido, o único rival de Alemaña. Para preparar un posible desembarco en Gran Bretaña, a Luftwaffe, a aviación de guerra alemá, bombardeou os portos e as cidades, combinadas con campañas de guerra submarinas que cortasen as súas subministracións. Winston Churchill, primeiro ministro británico desde maio de 1940, solicitou axuda. O apoio dos Estados Unidos, a tenaz resistencia inglesa, a eficacia da aviación británica- a Raf- e dos radares, contribuíron decisivamente a lograr a vitoria.

Pearl Harbor. Xapón, seguindo coa súa política expansiva en Asia, ocupou a colonia francesa de Indochina. EEUU que tiña interese económicos na zona, esixiulle a evacuación das colonias e decretou o embargo sobre o comercio xaponés. En resposta, Xapón o 7 decembro de 1941, lanzou un ataque sorpresa sobre a base estadounidense de Pearl-Harbor (Hawai), que quedou aniquilado, pois só se salvaron os seus portaavións. Un día despois, o presidente Roosevelt declaroulle a guerra a Xapón. A raíz deste ataque EEUU entrou en guerra.

Batalla de El Alamein. En outubro de 1942, o exército británico, ao mando do xeneral Montgomery, derrotou o exército alemán do xeneral Rommel na Batalla do Alamein (Exipto). As forzas aliadas estaban en disposición de iniciar a conquista de Italia partindo do norte de África.

Batalla de Stalingrado. Foi unha das batallas máis longas da Segunda Guerra Mundial (desde agosto de 1942 ata febreiro de 1943). Os alemáns reanudaron as ofensivas no sur de Rusia coa intención de ocupar a zona do Cáucaso, rica en petróleo. Tras uns importantes avances, atopáronse cunha forte resistencia rusa no Volga na cidade de **Stalingrado**. O Exército Vermello lanzou unha forte contraofensiva contra as tropas alemás, que foron derrotadas. A partir de ese momento a ofensiva alemá no leste de Europa detívose e os soviéticos iniciaron avances cara occidente.

Batalla de Guadalcanal (febreiro de 1943). Nesta batalla no Pacífico os aliados frearon o avances xaponés e iniciaron un ataque mediante a táctica de “saltos de ra” do xeneral Mac Arthur. Avanzar creando bases militares, que permitisen o seguinte “salto” e illar as bases inimigas.

Desembarco de Normandía. Considerado como o desembarco maior da historia e a operación máis importante da guerra. Os aliados, vendo que Alemaña non tiña capacidade de resposta e que a expansión rusa resultaba unha enorme ameaza, iniciaron o 6 de xuño de 1944, coñecido como o Día D, o Desembarco de Normandía nas costas francesas, baixo a dirección do xeneral Eisenhower. Tras a reconquista de Francia, Bélxica e os Países Baixos, os exércitos aliados iniciaron a carreira cara Berlín; mentres a URSS facía o mesmo desde o leste. A batalla de Normandía, chamada en clave Operación Overlord culminou coa liberación dos territorios de

Europa occidental ocupados pola Alemaña nazi.

Hiroshima e Nagasaki. *En Asia a resistencia xaponesa foi moito máis tenaz chegando mesmo a utilizar pilotos suicidas (Kamikazes) como estratexia de combate. A loita era encarnizada, e coa xustificación de aforrar vidas humanas, o presidente Truman decide a utilización da bombas atómicas, lanzadas o 6 de agosto sobre Hiroshima e o 9 de agosto sobre Nagasaki. Xapón réndese. O 15 de agosto, o emperador Hiro Hito aceptou a rendición incondicional. Remataba así a Segunda Guerra Mundial.*

3º- Poñer ao carón de cada personaxe a clave que o identifica. Estilo completa (cada un o faría a súa maneira)

4º- Comentarios . Seguíde as preguntas.

Páx.179 -Pacto Xermano-Soviético

- *Alemaña e a URSS asinaron o protocolo segredo do pacto xermano soviético. Hitler e Stalin delimitaron os seus territorios nas áreas pertencentes aos Estados Bálticos e repartiron Polonia entre eles, as esferas de influencia de Alemaña e da URSS serán limitadas pola liña do ríos Narew, Vístula. No sueste europeo, a parte soviética reclama Besarabia.*
- *Hitler quería evitar a guerra por dúas fronteiras no caso de que finalmente tivese que enfrontarse a Francia e ao Reino Unido. Stalin xustificou o seu acordo alegando a hostilidade que existía nas potencias occidentais contra a URSS.*
- *A partir do pacto de non agresión coa URSS, Alemaña puido centrarse na súa loita contra Europa occidental, e a Rusia deulle tempo a armarse (ambos sabían que antes ou despois se enfrontarían na guerra), ademais, de anexionarse parte de Polonia, Finlandia e os Estados bálticos.*

Páx.188 - Conferencia de Ialta

- *Churchill, Roosevelt e Stalin.*
- *O total desarmamento, a desmilitarización e o desmembramento de Alemaña.*

Páx.191 -Mapa cambios territoriais despois da Segunda Guerra Mundial

- *A URSS: Estonia, Letonia, Lituania, Carelia, parte de Polonia, un sector de Alemaña e de Berlín. A zona de Besarabia e Bucovina en Romanía e a Rutenia Subcarpática de Hungría. Pola súa banda, Bulgaria adquiriu Dobrudja meridional.*
- *Os territorios alemáns que pasaron a Polonia foron Danzig, Stettin e Breslau. O Sarre quedou vinculado economicamente a Francia ata 1959.*
- *Alemaña perdeu territorios e quedou dividida. Pola contra, Hungría e Polonia viron diminuído o seu territorio en favor da URSS.*
- *Os países que viron máis afectado o seu territorio ao finalizar a Segunda Guerra Mundial foron Alemaña, Polonia, Bulgaria e Romanía.*

